

Rgtº. Sª. Nº.: 38

Sentencia del TSJ de Galicia en relación con la deducción en el IRPF de los gastos de peaje y combustible como desplazamientos profesionales y de las aportaciones a Mutualidad de Previsión Social como gastos de la actividad.


Adjunto se acompaña sentencia Tribunal Superior de Justicia de Galicia de 16 de septiembre de 2024, por la que se estima el recurso de apelación interpuesto por un Arquitecto Técnico, contra el acuerdo de reclamación económico-administrativa efectuada al colegiado por el TEAR de Galicia / AEAT, con motivo de la deducción en el IRPF de los gastos de peaje y combustible como desplazamientos profesionales y de las aportaciones a Mutualidad de Previsión Social como gastos de la actividad.

La Sala viene a distinguir entre la afección exclusiva de un vehículo a la actividad, lo cual condiciona su deducción, y los consumos derivados de la actividad profesional, los cuales sí están asociados a actividades profesionales concretas, siendo por tanto deducibles independientemente del tipo de vehículo utilizado.

Cabe destacar la valoración que hace la Sala sobre la carga probatoria, pues si bien debe ser asumida por el recurrente, es a la AEAT a quien le corresponde realizar un estudio detallado de la documentación, pues no basta con limitarse a negar toda validez considerando que dichos gastos deben tener el mismo tratamiento que el vehículo.

Por otro lado, en el presente supuesto, la AEAT no aceptó las aportaciones a la Mutualidad de Previsión Social como gasto dado que no estaban correctamente incluidas en el libro de facturas y gastos. Sin embargo, el Tribunal considera que debe prevalecer la realidad material y que, en todo caso, la propia AEAT podría ordenar al recurrente a rectificar los libros contables, añadiendo el gasto en el libro correspondiente.

Madrid, 10 de febrero de 2025
EL SECRETARIO GENERAL



Presidente/Presidenta del Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos

ANTECEDENTES DE HECHO

PRIMEIRO. -

Admitiuse a trámite o recurso, e practicáronse as dilixencias oportunas, presentado o recorrente a súa demanda, na que solicitou que se acollera integramente o recurso.

SEGUNDO. -

Conferido traslado á parte demandada, solicitouse a desestimación do recurso, de conformidade cos feitos e fundamentos de dereito consignados na contestación da demanda.

TERCEIRO. -

Recibíndose o asunto a proba e declarado concluso o debate escrito, quedaron as actuacións sobre a mesa para resolver.

CUARTO. -

Na sustanciación do recurso observáronse as prescricións legais, sendo a súa contía 8.632,46 EUROS .

FUNDAMENTOS DE DERECHO

PRIMEIRO.-

O acto que se recorre é o acordo de 20.07.2023 do TEAR que rexeita a reclamación económico administrativa contra a liquidación/sanción IRPF ano 2018-19: gastos de peaxe e combustible e achegas á mutualidade de previsión social (de D^a Isidora)

SEGUNDO.-

O recorrente alega: a) os gastos de combustible/peaxe se corresponden con desprazamentos profesionais, b) as achegas á mutualidade son gastos da actividade (coma regulariza á AEAT aínda que se declararan coma achegas ó sistema de previsión social) e c) non procede a sanción.

O abogado do Estado rebate a súa pretensión.

Verbo dos gastos de peaxe e combustible; o acordo de liquidación considera que non son deducibles dado que, o vehículo non está afecto exclusivamente á actividade, o que provoca que os gastos de taller e leasing non sexan deducibles, e esta apreciación a estende ó que define coma gastos accesorios (peaxes e combustibles).

Non podemos compartir esta apreciación, dado que, unha cousa é a afectación exclusiva do vehículo á actividade, o que condiciona a súa deducción, e outra son os consumos derivados da actividade profesional, os que, de anoarse con actividades profesionais concretas son deducibles, independentemente do tipo de vehículo utilizado- cousa que, coma indica o recorrente, tamén admiten alguns TEAR (Andalucía 18.03.2021 e a Rioxa 27.02.2020).

Correspondelle ó recorrente acreditar esta relación e a AEAT facer un estudio, polo miúdo, da documentación achegada; neste caso, o recorrente achega acreditación dos encargos profesionais (en localidades diferentes ó do seu despazo profesional), cadro de kilómetros, con datas e lugares, e a correspondencia dos mesmos cos encargos profesionais.

Fronte a esta documentación, a AEAT limitábase a negarlle - por xunto- toda validez, ó considerar que debe telo mesmo tratamento que o vehículo.

Dado que o recorrente asumíu a carga da proba que lle incumbe e que, a AEAT non fai un estudio polo miúdo da documentación, consideramos acreditada a relación dos gastos coa actividade.

Verbo das achegas á mutualidade - posteriores ó mes de febreiro de 2019- da Sra. Isidora; o recorrente concorda coa AEAT en que deben ser cualificados coma gastos da actividade, e entende que, neste aspecto debe aplicarse o principio de íntegra regularización.

O que acontece é que, a AEAT non llo admite coma gasto por non estar engadido no libro de facturas e gastos.

Concordamos co recorrente en que, se a AEAT dalle unha cualificación distinta ó gasto asumido polo recorrente, debe aplicalo ó facela liquidación; verbo do atranco formal, consideramos que debe prevalecer a realidade material e que a propia AEAT podía ordenar que, o recorrente, rectificara os libros contables, engadindo o gasto no libro correspondente, dado que, este, erróneamente, déralle outra cualificación.

Esta conclusión lévanos a acoller o recurso anulando a liquidación nestes extremos e anulando a sanción.

CUARTO.-

Non facemos declaración das custas dado que, se ben acollemos o recurso, concorren no caso, dúbidas de feito/dereito significativas, o existir algunha probas a prol da postura rexeitada e manter unha interpretación xurídica razoable das normas.

Por todo o exposto, en nome do Rey, pola autoridade que lle confire a Constitución, esta sala decidiu

FALLO

Que ACOLLEMOS o recurso contencioso-administrativo presentado por D^o Fulgencio contra a resolución de 20.07.2023 do TEAR (liquidación/sanción IRPF ano 2018-19, exped. NUM000) anulándoa por contraria a dereito.

Non facemos declaración das custas.

Notifíquese a presente sentenza ás partes, facéndolles saber que contra ela pode interpoñerse recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo. Se o recurso de casación fundar en infracción de normas emanadas da Comunidade Autónoma, o recurso interpoñeráse ante a Sección especial da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, prevista no artigo 86.3 LJCA.

En ambos os casos, o recurso haberá de prepararse ante a Sala de instancia no prazo de trinta días, contados desde o seguinte ao da notificación da resolución que se recorre, e farase en escrito no que, dando cumprimento aos requisitos de o artigo 89 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, tómese en consideración o disposto no punto III do Acordo da Sala de Goberno do Tribunal Supremo de data 20 de abril de 2016, sobre extensión máxima e outras condicións extrínsecas dos escritos procesuais referidos ao recurso de casación (B.O.E. do 6 de xullo de 2016).

Así o pronunciamos, mandamos e asinamos.

A difusión do texto desta resolución a partes non interesadas neste proceso, só se poderá facer previa disociación dos datos de carácter persoal e con respecto ao dereito á intimidade, aos dereitos das persoas que requiran un especial deber de tutela ou á garantía do anonimato das vítimas ou prexudicados.

Os datos persoais incluídos nesta resolución non poderán ser cedidos, nin comunicados con fins contrarios ás leis.

Fuente de suministro: Centro de Documentación Judicial. IdCendoj: 15030330042024100578